



## A ÁREA DE VIGO DESPEDIU A 93 RESIDENTES

- *Onte finalizaron a súa formación como especialistas 74 facultativos e 19 profesionais de enfermaría*
- *O acto de despedida contou coa conferencia do traumatólogo Dr. Tomás Quinteiro, que falou sobre a súa experiencia na cooperación da atención sanitaria tras o terremoto de Turquía*

**Vigo, 23 de maio de 2023.** O Hospital Álvaro Cunqueiro realizou onte a despedida oficial dunha nova promoción de residentes que concluíron o seu período de formación como especialistas, tanto facultativos como enfermeiras.

Os novos facultativos especialistas pasaron catro ou cinco anos, dependendo da especialidade, nos distintos servizos, mentres que as novas enfermeiras especialistas formáronse durante dous anos.

No transcurso deste evento - presidido polo xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente- os 93 novos especialistas recibiron unha copia da orla oficial, ademais dun agasallo institucional.



Os residentes que onte terminaron o seu período de formación distribúense en case todos os servizos: 1 en Análises Clínicas; 2 Anatomía Patolóxica; 4 en Anestesia e Reanimación; 1 en Aparello Dixestivo; 1 en Anxioloxía e Cirurxía Vascular; 2 en Cardioloxía; 1 en Cirurxía Torácica; 3 en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía; 2 en Cirurxía Xeral e Aparello Dixestivo; 1 en Endocrinoloxía e Nutrición; 2 Farmacia Hospitalaria; 1 en Hematoloxía e Hemoterapia; 1 en Medicina do Traballo; 23 en Medicina Familiar e Comunitaria; 1 en Medicina Física e Rehabilitación; 3 en Medicina Interna; 1 Medicina Intensiva; 1 en Medicina Nuclear; 1 en Nefroloxía; 1 en Neurofisioloxía; 1 en Neuroloxía; 3 en Obstetricia e Xinecoloxía; 1 en Oftalmoloxía; 1 en Oncoloxía Médica; 1 en Oncoloxía Radioterápica; 1 en Otorrinolaringoloxía; 4 en Pediatría; 1 en Pneumoloxía; 1 en Psicoloxía Clínica; 2 en Psiquiatría; 3 en Radiodiagnóstico; 1 en Uroloxía; e 1 en Xeriatria.

Tamén concluíron onte a súa formación 19 especialistas en Enfermaría: 5 en Enfermaría Pediátrica, 2 en Saúde Mental, 4 en Obstetricia e Xinecoloxía, e 8 en enfermaría Familiar e Comunitaria.



Nestes momentos, na Área de Vigo estanse formando un total de 380 graduados, que realizan o seu período de formación especializada tanto en hospitais como en centros de saúde.

### **Cooperación internacional**

O acto de despedida -que foi presidido polo xerente da Área, Javier Puente- contou coa participación do Dr. Tomás Quinteiro Antolín, especialista en Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica, cunha conferencia na que relatou a súa experiencia atendendo a pacientes tras o terremoto de Turquía, titulada "Equipo START, unha experiencia de cooperación internacional".

